



D. JOSÉ RIEGO BOLUDA, SECRETARIO XERAL DO EXCELENTÍSIMO CONCELLO DE VIGO.

CERTIFICO: Que o Pleno do Excelentísimo Concello de Vigo, en sesión celebrada con data 29 de setembro de 1981, entre outros, adoptou o acordo seguinte:

“18.- REGULAMENTO DE HONRAS E DISTINCIÓNS”.

ANTECEDENTES.-

A Comisión de Cultura, Educación e Deportes propón que se aprobe o novo regulamento de Honras e Distincións, cuxo texto consta de nove artigos, agrupados en tres capítulos que tratan de normas xerais, expedientes de concesión e clases de recompensas.

Poderanse conceder as seguintes distincións:

- 1.- Denominación no rúeiro (rúas, prazas, parques e conxuntos urbanos).
- 2.- Título honorífico (Medalla da Cidade).

VOTACIÓN E ACORDO.-

Co voto en contra da Sra. Conde-Pumpido Tourón e o favorable dos vinte dous membros restantes da corporación, dos vinte sete que a constitúen de dereito e de feito, acordase aprobar o Regulamento de Honras e Distincións co texto seguinte:

NORMAS XERAIS.-

Artigo 1º .- Ao obxecto de premiar o distinguir ás persoas físicas ou xurídicas que acrediten méritos suficientes, a Excelentísima Corporación Municipal de Vigo poderá conceder os honores ou distincións que este regulamento establece e regula.

Artigo 2º.- Coa sola excepción do Xefe do Estado, no poderán outorgarse honores e distincións a persoas que desempeñen cargos na Administración Pública Estatal, Provincial, Local ou das Comunicades Autónomas.

EXPEDIENTE DE CONCESIÓN.-

Artigo 3º.- Os expedientes iniciáranse:

1





- a) Por moción da Alcaldía ou grupo político pertencente á Excelentísima Corporación Municipal.
- b) Por petición popular avalada por un número de firmas igual ao 2% da poboación do municipio.
- c) Por petición dun número de concelleiros/as igual á maioría absoluta como mínimo.

Artigo 4º.- A moción proposta ou petición, despois de ser informada pola Comisión de Cultura, someterase ao Pleno da Excelentísima Corporación, debendo conseguir o acordo cunha votación favorable da maioría absoluta dos seus compoñentes (14 votos).

CLASES DE RECOMPENSAS.

Artigo 5º.- Consideráranse dous tipos de distincións:

- 1) Denominación no rueiro
- 2) Título honorífico
- 3) Calquera outra distinción que acorde a Corporación.

Artigo 6º.- Da denominación no rueiro (rúas, prazas, parques e conxuntos urbanos):

- 1) Os nomes estarán en galego.
- 2) Con exclusión das denominacións concretas obxecto de petición, atendéranse de xeito preferente os topónimos dos lugares de ubicación.
- 3) As placas do rueiro poderán ser en pedra (mármore, granito, etc), metal esmaltado ou cerámica. En calquera caso, buscarase o máximo contraste entre a denominación e o soporte.

Todas elas levarán o escudo da cidade.

O tamaño estándar terá que ser de 65 x 35 centímetros para as rúas e de 80 x 45 cm para as prazas e avenidas, podendo ser modificadas estas medidas unicamente nos casos que o deseño o requira para o cal, farase constar no acordo correspondente.



**Artigo 7º.- Do título honorífico:**

- 1) Os títulos que a Excelentísima Corporación poderá conceder serán referentes á medalla da Cidade.
- 2) A medalla da Cidade acuñárase segundo o modelo que figura anexo a este regulamento, ostentando no seu reverso a data do acordo da súa concesión, o nome e apelidos da persoa galardoada. Aguantarase cun pasador de metal ou cordón de seda vermello e branco. Como emblema de solapa utilizarase unha reprodución, no mesmo metal que a medalla e coa seguinte lenda: Medalla de Vigo e a data de concesión.
- 3) **Descrición da medalla:** A medalla de Vigo estará formada por dúas estrelas sobrepostas, de sete puntas cada unha, en esmalte branco. Entre ambas estrelas pasará unha coroa de loureiro e carballo en esmalte verde.
O centro destas dúas estrelas estará constituído por un círculo no que representárase o escudo da Cidade, formado polo castelo que abraza a oliveira e, orlando este escudo, o lema da cidade: "FIEL, VALOROSA E SEMPRE BENÉFICA CIDADE DE VIGO". A tamaño 56 mm.; todo elo cos esmaltes correspondentes, castelo e lenda. Os bordes da medalla serán en ouro.
Esta medalla será utilizada pola persoa galardoada pendendo do colo por un cordón cos cores vermello e branco, o unha cinta dos mesmos cores cando se trate dunha bandeira dunha colectividade.
- 4) O custo da medalla será aboado con cargo aos fondos municipais.
- 5) O Pleno da Excelentísima corporación municipal adoptará o acordo que proceda na sesión extraordinaria.
- 6) A comunicación do acordo ao homenaxeado farase persoalmente ao interesado se é residente no termo municipal. Na visita, terá que acompañar ao Alcalde o Secretario da Corporación.
- 7) A entrega de medallas, farase en acto solemne, preferentemente na Casa do Concello, ao que terá que asistir á Corporación Municipal e invitando ás autoridades da Cidade e familiares do homenaxeado/a. Ao mesmo tempo farase entrega ao interesado dunha credencial, en papel, na que conste o seu nome e apelidos, o resumo dos méritos ou servizos que se premien e a data do acordo de concesión.
- 8) Levarase un libro de rexistro dos honores que se concedan. No mesmo constarán nome e apelidos do galardoado/a, data do acordo de concesión e resumo dos méritos que o motivaron.





Artigo 8º.- Con respecto ao non previsto neste regulamento, rexerá o de organización, funcionamento e Réxime Xurídico das Corporación Locais e os que, sobre esta materia, se ditén no sucesivo e que entenderanse automaticamente incorporados a este regulamento.

Artigo 9º.- Quedan derogados todos os acordos anteriores que rexían a concesión de “Honras e Distincións”

E para que así conste expido esta certificación de orde e co visto e praxe do Excmo. Sr. Alcalde, en Vigo á data da sinatura dixital.

Vº e Pr.
O ALCALDE,

